



### ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POR RECOLLIDA DE VEHÍCULOS

#### **Artigo 1º.- Natureza, obxecto e fundamento.**

En uso das facultades concedidas polo Art. 57 do Real Decreto legislativo 2/2004 de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais o Concello de Barbadás establece a taxa pola recollida de vehículos, que se regulará polas normas contidas na Sección 3ª do Capítulo 3º do Título I da referida Lei, arts. 20 a 27, e pola presente ordenanza fiscal.

#### **Artigo 2º.- Feito imponible.**

Constitúe o obxecto desta exacción a prestación do servizo por infraccións viarias e xestión da grúa para proceder á retirada daqueles vehículos que:

- a) Constitúan perigo.
- b) Causen graves perturbacións á circulación ou ó funcionamento dalgún servizo público, ou ó disfrute dalgún dereito.
- c) Presuntamente abandonados.
- d) Inmobilizados por deficiencias.

#### **Artigo 3º.- Suxeito pasivo.**

Son suxeitos pasivos, e polo tanto, responsables dos gastos que se orixinen como consecuencia das xestións derivadas das infraccións viarias, as persoas físicas e xurídicas e as entidades a que se refire o Art. 33 da Lei Xeral Tributaria, titulares dos vehículos, os cales deberán aboalos ou garantir o seu pagamento, como requisito previo á devolución do vehículo, sen prexuízo do dereito que os asiste a recorrer.

#### **Artigo 4º.- Responsabilidade solidaria.**

Son responsables solidarios da obriga de contribuír do suxeito pasivo, as persoas físicas ou xurídicas a que se refiren os art. 38.1 e 39 da Lei Xeral Tributaria

#### **Artigo 5º.- Cota.**

Os dereitos esixidos serán os sinalados na táboa seguinte:



### A) Por tipo de vehículos:

- .- Por motocicletas e triciclos : 60,00 euros
- .- Por motocarros e demais vehículos de características similares, 70,00 euros
- .- Por vehículos de turismo, de furgonetas, camionetas e demais vehículos de características semellantes, con tonelaxe ata 2.000 Quilogramos: 80,00 euros
- .- Por toda clase de vehículos con tonelaxe de 2.000 Quilogramos a 3.500 Quilogramos: 100,00 euros.

### B) Depósito de vehículos

- .- Por depósito de bicicletas, motocicletas, motos, motocarros e demais vehículos de características semellantes, a partir do terceiro día do depósito, 6,00 euros/día.
- .- Por depósito de automóviles de turismo, furgonetas, camiões e demais vehículos de características semellantes de tonelaxe ata 2.000 Quilogramos, a partir do terceiro día do depósito : 9,00 euros/día.
- .- Por depósito de furgóns, camiões, vehículos de 2.000 a 3.500 Quilogramos, a partir do terceiro día do depósito : 14,00 euros/día.

### **Artigo 6º.- Custodia.**

Os vehículos retirados permanecerán custodiados nas dependencias que o Concello sinala a estes efectos, e serán devolvidos ós seus donos ou persoas que legalmente os representen, unha vez feito efectivo o pagamento dos dereitos establecidos no artigo precedente. O pagamento da liquidación da presente taxa non exclúe, de ningunha maneira as sancións ou multas que foran procedentes por infracción das normas de circulación ou da Policía Local.

### **Artigo 7º. Exencións e bonificacións.**

Non se concederá exención nin bonificación algunha na exacción da Taxa, se ben non procederá o seu aboamento polo titular nos supostos de substracción ou outras formas de utilización ilexítima en contra da vontade do mesmo, conforme ó Art. 71.2 do RDL 339/90.

### **Artigo 8º. Devengo.**

A obriga de contribuír nace no momento de realizar a xestión da grúa para proceder á retirada do vehículo infractor e se é o caso, do subseguinte depósito no lugar designado polo Concello.



### **Artigo 9º.- Infraccións e sancións.**

En todo o relativo á cualificación de infraccións tributarias, así como de sancións que á mesma corresponda, ateranse ó preceptuado nos Arts. 77 e seguintes da Lei Xeral Tributaria.

### **Artículo 10º.- Adjudicación de vehículos abandonados.**

O Concello procederá á adjudicación de vehículos de conformidade co disposto nas Ordes do 8 de marzo de 1967 e 14 de febreiro de 1974, sobre vehículos abandonados e depositados na vía pública, en consonancia cos arts. 615 y 1781 e seguintes do Código de Circulación en relación cos arts. 71 da Lei de Seguridade Viaria e Art. 292, II do Código de Circulación.

### **DISPOSICION FINAL**

A presente Ordenanza Fiscal comezará a aplicarse a partir da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

O ALCALDE